

Asunto: Cobertura das reducións de Xornada.

Tendo coñecemento neste Comité de empresa das solicitudes feitas por varios traballadores de redución da súa xornada de traballo, e coñecendo tamén as respostas da Xerencia negando este dereito, aínda que se cumpren os requisitos establecidos no Estatuto dos Traballadores para que os traballadores poidan exercer este dereito.

E tendo en conta que as reducións horarias diminúen as retribucións dos traballadores, de forma voluntaria, este Comité de Empresa esixe o cumprimento da normativa e dos dereitos dos traballadores e que se concedan as reducións horarias solicitadas, e a cobertura das necesidades de tódolos servizos, que vexan mermadas as súas prestacións por esta causa, coa contratación de máis persoal.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo

Vigo, 18 de Novembro de 2009

Marcos Estévez Orge

Presidente do Comité de Pontevedra

A/a Sra. Xerente da Universidade de Vigo